

A OPERATIVIDADE MOTIVADORA DOS ALICIENTES VITAIS

Anxo González Fernández

Ó facemos uso do término "personalidade" tentamos de referirnos sempre a algo grande, algo rico, algo cheo e sustante, que mesmo responde ó marcado senso grandilocuente con que o término é universalmente empregado. A configuración da personalidade —tense dito— confire sentido a todo o laborar existencial humano. A personalidade, en efecto, afasta da masa, singulariza, confire especificidade, peso. A personalidade demarca; constitúe. E, onde ela non, entón a levedade, a maleabilidade, a ausencia de criterio, de ser de propio, a falla de sustancia..., a inconsistencia, o non-ser, a nada. O ser, na dimensión humana, chámase personalidade.

Mais, deixade a personalidade, coa súa robusteza, isolada e soa; deixádea abandonada ó propio peso, nos camiños do existir, sen realidades alicientes que, desde máis alá de ela, turren por ela e a impulsen e a moviñen, e veredes entón como se estanca, como murcha e como, en definitiva, se desmorona e afunda.

Hai menos personalidade do que se cre. Ou hai nela moita menos riqueza do que se supón cando a boca se nos enche coa verba. E, desde logo, a maior parte do pulo que se supón que ven de propio ven, en verdade, de alleo, das realidades alicientes. A personalidade mantense sobre si e en actitude de avante mercede ós alicientes. Non hai vivir sen alicientes: esa atraínte realidade que pon ó suxeito fóra da súa herma e limitativa facticidade.

Isto non obstante, a operatividade motivadora dos alicientes vitais non ten sido estudada. A antropoloxía filosófica deixou o tema ós psicólogos, e estes resólveno na análise da motivación, como se, dándose esta, estivese visto xa e explicado, en tódolos seus compoñentes e reductos, o problema da acción.

Non se cae na conta de que, máis alá das motivacións puntuais que determinan cada unha das accións e operacións concretas do axente, e aínda para que estas motivacións resulten eficaces na dimensión pulsionadora que as especifica, a acción require desa elevación do tono vital que só os alicientes producen, aínda no caso, frecuente, de que esa aliciencia se exerza por parte de instancias atraíntes que son alleas e independentes respecto da perspectiva do obrar personal.

Ó entrarmos nesta liña de investigación, sen poder prescindir, de modo ningún, da psicoloxía da motivación, e máis ben incluíndoa, tamén a trascendemos: imos máis alá dela, tentando de calar na fondura antropolóxica dunha problemática existencial, na que fica comprometido, en toda a súa complexidade, o suxeito humano enteiro, na dimensión operativa e na constitutiva.

As realidades alicientes

O término aliciente ten unha significación etimolóxica que é útil consignar ó tentarmos fixa-la súa noción real. Ven de *alliciens*, que provén de *allicere*, atraer, cativar, arrastrar... É aliciente o que dalgún xeito cativa ó suxeito, o que arrastra; opera sobre el pola vía da atracción.

Énos aliciente aquela realidade que, aínda con independencia das súas valencias intrínsecas, aparece ante o suxeito como dotada dunha capacidade de satisfacción tal que a súa soa presenza intencional é capaz de subi-lo tono vital do suxeito e impulsalo á acción. Esta presenza intencional da realidade aliciente opera en nós a modo de esquema anticipador da realidade que se procura. E esta anticipación, todo o intencional e, polo mesmo, subxectiva que se queira, reveste, en cambio, un grao de realidade tal que resulta capaz de conmocionar afectivamente ó suxeito, pola vía da esperanza e mesmo da fruición, igual ca resulta capaz tamén de pulsalo á acción e aínda de imprimir nesa acción unha dirección precisa, segundo a natureza e propiedades da realidade aliciente anticipada.

Estamos, pois, ante unha anticipación operante, impulsora, dunha realidade aínda non presente na liña da execución. Trátase dunha representación intencional de algo de seu non fácticamente real, algo que é realidade por vir, inscrita, coma tal, no futuro e que só na orde intencional se pode facer presente.

A tensión presente-futuro, intencional-real, que concorre nas realidades alicientes foi prevista dalgún xeito por Aristóteles cando se refería á causalidade final, primeira, dicía, na orde da intención e última na da execución. A causa final, o fin procurado polo axente, pertence á categoría das causas intrínsecas, aquelas que non son realidades integrantes da mesmidade subxectiva. Isto non obstante, este fin, que de seu se inscribe no trascendente ó suxeito, faise presente nel e, coma tal, operante na orde das intencionalidades: suscita un afán de procura que rende o inmediato efecto de que o suxeito entre en acción.

Agora ben, esta acción vai ser un decurso operacional no que resulta comprometido o suxeito en toda a liña que vai dun presente, marcado pola comparecencia intencional da finalidade aliciente, ata un futuro, constituído xa en conqurimento e posesión fáctica. No medio, entre presente e futuro, a acción. Pero a acción executora dun proxecto intencionalmente concreto e, polo mesmo, por el rexida e, de modo ningún, arbitraria ou imprecisa. O axente paga en subxección e sometimento o que recibe das realidades alicientes en atracción, complementación e disfrute. Agora, a esclavitude das luminosas metas é, sen dúbida, unha dulce e amorosa esclavitude.

Resulta, así, claro que a aliciencia dos fins, na concepción aristotélica, ten que quedar elevada á categoría ontolóxica de causa e causa de primeiro rango: sen ela non pode haber eficiencia. Ela é antecedente, na medida en que é suscitante, mais é tamén concomitante á acción e, en canto tal, rectora a respecto dela; por último, é consecuente: resulta da mobilización intencional do suxeito. Non cabe maxinar acción sen ela.

A ontoloxía aristotélica da causalidade final, que ilustra, nun interesantísimo senso, o tema da aliciencia, non agota, con todo, a consistencia desta, nin este foi tampouco o propósito de Aristóteles. Hai, en efecto, realidades alicientes que non entran na categoría da finalidade, nin se inscriben sequera na liña dunha operatividade conqueredora concreta, por parte do suxeito.

¿Quen pode negar capacidade aliciente a un determinado acontecemento, esperado con ilusión e mesmo desfrutado xa con fruición, na medida en que pode resultar intencionalmente previsto e pre-vivenciado por un suxeito, en esperanzada e confiada actitude? Aínda se acostumbra a dicir, e non sen razón, que as festas son máis desfrutadas na espera ilusionada das vésperas que na realización efectiva do propio día, que a miúdo resulta incluso defraudatoria.

O certo é que hai auténtica capacidade aliciente en acontecementos non propiamente inscritos na liña do noso obrar intencional, pero que, en todo caso, o suxeito anticipa respresentativamente. Esta súa representación anticipadora é susceptible de despregar unha operatividade, a respecto do obrar do suxeito, de corte semellante á exercida pola presenza intencional dos fins, en relación ó proceso da súa execución.

Estes feitos atraíntes exercen auténtica capacidade mobilizadora sobre o suxeito, que experimenta, mercede á anticipación intencional que se fai deles, unha elevación do tono vital xeral, que vai influir, logo, de forma altamente satisfactoria, en tódalas liñas da súa operatividade. A traxectoria existencial está, de feito, balizada de realidades deste tipo, que chegan a revestir carácter de auténticos fitos: arredor deles e con suxección á súa dinámica motivadora, queda organizado, en toda a súa complexidade, o discorrer existencial.

Aínda a reservas da innegable connaturalidade que ha de haber entre o ser do suxeito e as realidades que para el resulten alicientes, feito ó que nos referiremos polo miúdo máis adiante, estas realidades revestén, en tódolos casos, un innegable carácter obxectivo. Son o obxecto que turra polo suxeito e o forza a se trascender.

A forzosidade deste transcendemento, pola vía da aliciencia, pon de manifesto, por un lado, a endebleza da personalidade, que ha de recabar de alleo o que lle falla de seu, e revela, por outro lado, a fondura do seu incrustamento mundano: o saír-de-si-cara-ó mundo non é, de xeito ningún, unha emigración que imprante ó suxeito no extraño. Obxectividade non quere dicir extrañeza.

O ser humano é realidade intencional. Cando Brentano sulíñou o carácter intencional do acto psíquico, como inevitable referencia a contidos obxectivos trascendentes, non puido reparar -nin iso estaba tampouco ó alcance dos seus métodos- en que o realmente intencional é o propio suxeito humano. O seu é estar referido a. E a intencionalidade dos actos psíquicos é algo, en definitiva, participado da fonda estrutura intencional do ser en que están radicados.

Agora, para que esta conformación intencional do suxeito se convirta en avante real cara ó mundo, este ten que comparecer tamén ante o suxeito e reclamálo: é a vía da aliciencia motivadora.

Os alicientes e os incentivos motivacionais.

O incentivo é o correlato externo, obxectivo, da motivación, entendida esta como determinante interna do comportamento.

Existe en cada suxeito o que poderíamos chamar raíz dinámica do comportamento, dada

a modo de necesidades ou impulsos, que precisan, non obstante, de incitadores externos que os activen pola vía da atracción: eis ahí os incentivos.

Os incentivos, así presentados, aparecen, logo, como participando do carácter da alicencia: tamén eles reclaman ó suxeito, teñen nel un efecto enerxizante e impelente, que se exerce pola vía da atracción. Todos estes caracteres serven, segundo veremos, para que os incentivos poidan ser considerados como subsidiarios do aliciente.

Agora, a diferenza fundamental entre os incentivos e os alicientes radica no carácter puntual daqueles, en contraste co carácter estrutural destes. A operatividade dos incentivos exerce sempre dentro dunha liña concreta de comportamento. Reclaman ó suxeito, facendo apelación a unha única e moi concreta dimensión súa. Suscitan nel unha secuencia concreta de comportamento, frecuentemente estereotipada ou dada a modo de predisposición apriórica, que, en todo caso, se desencadena sen apenas afectar a outras posibles parcelas da personalidade. A operatividade motivadora do incentivo vézquese no ámbito da singularidade e concreza dun comportamento determinado.

Pola contra, os alicientes revestén carácter estrutural. Suscitan conxuntos organizados e sistemáticos de actitudes e comportamentos, nos que o suxeito se ve comprometido na integridade do que é.

Para empezar, o incentivo fai apelación o suxeito total. É a persoa, máis ca calquera das súas concretas dimensións, quen se sente reclamada. E é a persoa quen experimenta, como afectándoa na integridade do que é, a suba de tono vital con que a presenza operante dos incentivos vitais se deixa sentir.

En correspondencia con isto, tamén é o suxeito quen se sente integralmente comprometido nunha liña de comportamento ou conducta conformada, con carácter coherente, aínda que entretrecida por accións de signo auténticamente dispar.

Os alicientes teñen, por último, unha temporización de signo abarcador: a presenza dun incentivo no suxeito pode "salvar" un día, unha semana, unha época na vida dunha persoa, ou, incluso, unha vida enteira, á que prestan coherencia e sentido.

Sendo así as cousas, nada ten de extraño que os incentivos poidan darse, frecuentemente, como subsidiarios dos alicientes. O sobresaliente, incentivo para un estudante, tal vez o poida ser na medida en que aparece incrustado na liña da operatividade dun aliciente de signo abarcador: o éxito profesional futuro, o benestar conseguinte...etc. Os alicientes participan o carácter de alicencia ós incentivos, que atinguen capacidade de reclamo na medida que se sitúan na liña de operancia daqueles.

A operatividade motivadora do aliciente.

Tras de salienta-las diferenzas entre a operatividade dos alicientes e a dos incentivos, cómpre consignar tamén que nos alicientes concorren, cando menos, tódolos caracteres da acción motivadora dos incentivos, sen que, por suposto, agoten a súa operatividade.

Así acontece que os alicientes exercen unha acción *anticipadora* de fins, obxectivos ou metas. A presenza intencional e representativa destes fai constante e, polo mesmo, operante no suxeito a realidade por vir, conseguíndose deste xeito o portento metafísico e antropológico dun futuro que, aínda non real na orde da execución, sexa, sen embargo, operante xa na incuestionable realidade do presente humano. Hai, así, unha anticipación ontoloxizante e vi-

venciadora do porvir que comporta dimensións profundas tanto no plano da acción coma no plano do mesmo ser.

Esta dimensión anticipadora das realidades alicientes fai posible unha segunda dimensión: a operatividade *direccionante*. Os obxectivos alicientes, unha vez que se fan intencionalmente presentes no suxeito, a quen impulsan á acción, constitúense tamén en deliñadores da traxectoria concreta que ha de seguir esa acción. Hai unha distancia a salvar operativamente entre o presente e o futuro e son entón a natureza e as peculiaridades da realidade por vir quen imponen o deseño puntual da acción mediadora precisa.

Non hai obrar humano que poida discurrir a cegas. O noso obrar só é posible trala representación intencional dos obxectivos que se pretenden acadar. E estes son os que permiten discernir cales de entre as accións posibles son as que conveñen á consecución das metas propostas.

Os alicientes exercen tamén unha función *enerxizante* a respecto do suxeito. Cando se fala de "forza de vontade" ou se fan apelacións á "robusteza da personalidade" non se ten suficientemente en conta que a subxectividade nítrese de obxectividades; que ven de fóra o que nós non levamos de propio; que é a riqueza ontolóxica, transubxectiva, a que pon en nós riqueza psicolóxica. As fontes da enerxía, aínda a niveis biolóxicos, só se activan na medida en que se fai presente no suxeito a acción fecundadora das realidades mundanas. Somos nós realidade mundana e só o mundo pode enchernos de forma eficaz. Retirade a persoa dun contexto transubxectivo medianamente motivador, e veredes como deriva inmediatamente cara á inanición e a abulia. As fallas de enerxía, son, no fondo, fallas de aliciencia.

Moi en relación coa dimensión enerxizante está tamén a dimensión *impelente*: os alicientes poñen pulo no suxeito e lánzano á acción. O típico das realidades alicientes é que esa súa pulsión determinadora exerceuse pola vía da atracción, e só na medida en que resultan atractivas van ser esas realidades autenticamente impulsoras de comportamento.

Esta peculiaridade da acción motivadora dos alicientes ha de ser subliñada porque nela radica a súa especificidade. Hai factores motivantes en modo ningún atraíntes. Presionan no suxeito e fano entrar en acción pola vía da eficiencia, pola do empuxe. E sucede, así, que o suxeito entra en acción e, ó facelo, máis ca sentirse requerido pola meta, síntese obrigado a ir cara a ela, adoptando, con frecuencia, o porte da resignación, e non o da ilusionada entrega a un quefacer autenticamente atraínte. Velaquí, pois, como é que pode haber motivación, sen que se dea, en modo ningún, aliciencia. A operatividade motivadora dos alicientes reveste peculiaridades especificantes.

A operatividade facilitadora.

Que os alicientes dispoñan para a acción e que a faciliten, ata acadar incluso un nivel de eficacia enormemente superior ó dos motivos non alicientes, é algo que nos consta sobradamente á altura do discurso en que nos topamos. E, en consecuencia con isto, o que nos propoñemos suliñar aquí ten relación, máis coa concreta e uniliñal acción directamente motivada, coa xeralidade do tono vital no que o suxeito se topa, como consecuencia da presenza nel de realidades alicientes.

Xa denantes se fixo referencia a que a actividade motivadora dos alicientes trascende á do comportamento concreto, suscitado directamente por eles. En realidade, é todo o complexo aparato perceptivo, afectivo e motor o que vai resultar afectado e beneficiado.

Polo de pronto, e na base mesma de toda esta complexa operatividade, os alicientes déixanse sentir pola suba xeral do tono vital que provocan no suxeito. Este tono vital en alza é conseguinte á afirmación no suxeito dunha actitude de esperanza ilusionada que o prende e o prenda do futuro.

Resulta desta actitude o optimismo perceptivo que torna visible a realidade, nas súas máis agradables facianas. Tamén resulta del o transvase do suxeito cara ás tonalidades afectivas de signo positivo: alegría, disfrute, esperanza, amor, etc. E resulta, sobre todo, unha afirmación motora de un sobre a vida. É, por dicilo todo dunha vez, o ir-nós-cara-o futuro e non, simplemente, deixar que o futuro nos sobreveña.

Este sermos activos, máis ca meramente receptivos, en relación co devir da nosa propia existencia, vai permitir, en primeiro lugar, que o futuro sexa, en grande parte alomenos, o que nós fagamos del. Mais, con independencia disto, a presenza operante en nós das realidades alicientes asumidas fará tamén que a vida sexa, máis cuestión de devoción que de obriga. É dicir, que o vivir resulte da espontaneidade autodeterminadora e non da presión determinística de eficiencias extrínsecas.

Este sobrepoñerse á realidade da vida, que fai dela algo "de motu proprio" con respecto ó suxeito, ten unha clara efectividade antidepresora. En efecto, a depresión, na máis radicalmente antropolóxica das súas acepcións, sería un afundarse do suxeito con respecto ó nivel do acontecer vital persoal. Este discorre por riba, por encima das posibilidades de control e dominio do suxeito, quen, no sentido máis real do término, fica por baixo e á marxe de toda posibilidade de imprantación e dominio. Neste senso, e nun sentido semellante ó da cometa pola que turra, correndo, o neno, a presión atraínte e direccionadora dos alicientes ten tamén un clarísimo efecto elevador. Permite que o suxeito asente sobre os máis elevados niveis do discorrer existencial.

Na procura do seu extraéulico

Por último, trala análise das grandes liñas do acontecer, volvámo-la cara ó ser: á configuración estrutural da realidade suposta.

Xa temos visto que a operatividade das realidades alicientes no suxeito pon de manifesto a precaria consistencia deste. Estamos ante un ser que precisa de ser impulsado. Cando falla o pulo mobilizador proveniente das realidades trascendentes ó eu, este dá na abulia e, en definitiva, dá na inanición. Só á vista deste feito se nos revela a incuestionable transcendencia dos grandes alicientes vitais. Manteñen ó suxeito en pé e en liña de avance.

Mais, ¿que carácter revestén determinadas realidades transubxectivas para que así poidan cativar a un suxeito? E, desde outra perspectiva, ¿que peculiaridades concorren neste que o fan ficar necesariamente na liña de operatividade daqueles?

Polo de pronto, hai un significativo dato: non tódalas realidades son aliciente para tódolos suxeitos. Os alicientes teñen un marcado carácter relativo. Fan a súa apelación á peculiar subxectividade da persoa, de xeito que o que é aliciente para un pode non selo, en absoluto, para outro. Ha de haber, segundo isto, unha afinidade obxectivo-subxectiva na base da operatividade aliciente. Só esta afinidade pode explicar que unhas realidades revestan capacidade mobilizadora para uns, mentres deixan a outros na total indiferencia.

Millán Puelles, no seu libro "La estructura de la subjetividad", cando fala do trascender oréctico do suxeito —que o fai saír de si cara ás realidades obxecto de apetencia—, pón de rele-

ve a connaturalidade que ha de haber entre o apetente e a realidade apetecida. Só unha relación de connaturalidade pode explica-lo feito da tendencia apetente, que fai ir a un suxeito tras dun obxecto.

Pois ben, se isto se subliña a propósito dunha simple apetición, ¿que connaturalidade non haberá que recoñecer entre o suxeito e as grandes realidades alicientes, en función das cales aquel se proxecta e, en definitiva, vive? Non é só que o suxeito se identifique cos seus alicientes, é que ten que haber unha comunidade ontolóxica entre un e outros, como fundamento racional e real da continuidade funcional que os vencella. E esta unidade de continuidade é, no máis real dos sentidos do término, unha complementariedade.

Esta unidade de complementariedade recoñécese xa a nivel de apreciación vulgar, a respecto de amor, cando á persoa obxecto de amor -unha singular realidade aliciente- se lle chama, precisamente, a "outra media laranza". Tan media é a tan complementaria esa "outra media laranza" que quizais o único discutible é que sexa "outra". É, pola contra, parte integrante dun eu no que cobra realidade a paradoxa dunha transcendencia de sentido imanencial: o suxeito sae de si na procura de si. Hai un erradío eu que resulta preciso topar, por imperiosa necesidade de subsistencia.

A saída do eu cara ó eu, a autoprocúra, cobra esplendorosa realidade na operatividade aliciente dos grandes fins. Estes operan a modo de eus extraéulicos, eus alleos ó eu procurante e que este recoñece e apetece como realidades integrantes de si. Na procura deles o eu procúrase a si. E no seu achádego áchase o eu a si mesmo, na integridade, nunca plena e conclusa, do que é. Ortega dicía que o ser humano "consiste máis que no que é, no que vai ser, e por tanto aínda non é" ("Lecciones de metafísica", 1955,53). Este ser que non se é e no que, non obstante, se consiste, este erradío eu, esparagallado polos camiños da vida é, indubidablemente, o que chama por nós, o que nos reclama, o que, en definitiva, é o noso grande aliciente.